



Xosé Monteagudo reflexiona sobre a ética dun desfalco

O escritor, que acaba de gañar o Premio García Barros, cre que "o éxito dun libro non define a súa calidade". **Páx. 28**



O Vía Stellae acolle a estrea do grupo Saor en música

A agrupación ofrecerá hoxe un repertorio con letras de Petrarca e Dario Xohán Cabana e música do s. XVI. **Páx. 29**

O centenario da Exposición Rexional Galega, en imaxes


O volume, editado por Alvarellos, preséntase este xoves fronte á Escola Infantil Santa Susana na Alameda compostelá. **Páx. 29**

maré Hoxe

MARTES

21

mare@galicia-hoxe.com



Unha das árbores senlleiras de Galicia é o xinkgo da Universidade de Santiago de Compostela

Un recente estudo da Universidade de Santiago permitiu incrementar nun cincuenta por cento o número de árbores sobresaíntes de Galicia, ata achegarse xa ao milleiro de exemplares

O tesouro da terra verde

Galicia posúe preto dun milleiro de árbores sobresaíntes, aínda que só forman parte do Catálogo de Árbores e Formacións Senlleiras 120 exemplares. Este importante conxunto, que non foi valorado até hai uns anos, foi o obxectivo dun estudo realizado recentemente por un grupo de investigación do Departamento de Produción Vexetal da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago. Neste estudo reflíctense datos de medicións, propiedade, ubicación xeográfica, estado de conservación ou mesmo recomendación de actuacións.

Trátase dun proxecto de investigación que naceu froito dun convenio de colaboración entre a USC e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. O coordinador do proxecto, o profesor Antonio Rigueiro Rodríguez, manifesta a súa satisfacción co labor realizado e por "contribuír a dar a coñecer o importante patrimonio natural que constitúen as nosas árbores e formacións monumentais, entre elas as árbores máis vellas do lugar".

O catálogo inclúe distintos exemplares que se custodian en espazos públicos ou privados, como o Pazo de Meirás, o pazo de Dompiñor (no Incio), o Pazo de Santa Cruz ou o Pazo de Baldomir, en Bergondo. Tamén se inclúen árbores de xardíns como a da Ferradura de Compostela, outras que forman

parte de bosques ou espazos de especial interese, como a Casa-Museo de Rosalía de Castro. Durante a investigación realizáronse informes sobre propostas feitas por diversas persoas e institucións para a inclusión de novas árbores e formacións no catálogo galego, realizando o equipo investigador visitas ás mesmas e as medicións oportunas.

Ademais, Rigueiro explica que se fixo unha investigación de novas árbores e formacións senlleiras; "recibimos información de moitas persoas e percorremos moitos montes galegos e xardíns públicos e privados da comunidade". Segundo Rigueiro, os resultados deste traballo de campo incrementaron nun 50% as árbores e formacións sobresaíntes de Galicia que se coñecían ata a realización do estudo, achegando o seu número a preto dun millar.

Froito dese traballo xurdiu a proposta de inclusión no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras dun cento de exemplares, das que varias dúcias foron aceptadas polo Comité Galego de Árbores Senlleiras para a súa inclusión no catálogo oficial.

Por último, elaboráronse os orixinais para o libro Árbores e formacións senlleiras de Galicia que acaba de publicar a Xunta e que será presentado oficialmente á volta do verán. Dese volume son coautores o coordinador do equipo investigador da Universidade compostelá e outro membro do mesmo. **● REDACCIÓN**